




PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2012

XLIX Curso de Saúde Ambiental

A Cañiza (Pontevedra), 23-25 novembro 2011



Patrocinadores oficiais



Colabora na organización (sede anfitriona)



Concello de A Cañiza

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

“O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación”.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corraxir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2012**, que contou cos parabéns do coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, co apoio da OMS, auspiciado pola SESA e baixo o mecenado da Xunta de Galicia, Novacaixagalicia, Deputación de Pontevedra, Sogama, Iberdrola e Aquagest, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo de 11 anos, contou coa participación de 252 concellos (248 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano e 2 portugueses) e 5 entidades locais e rexionais portuguesas, e 4.620 asistentes nas 48 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten a Comarca da Paradanta, organízase o XLIX Curso de Saúde Ambiental, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental da Comarca da Paradanta, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2012

Programa

MÉRCORES, 23 DE NOVEMBRO

10:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

11:00 h.: ACTO INAUGURAL, a cargo de *D. Miguel Domínguez Alfonso*, alcalde-presidente do Concello de A Cañiza; *D. Justo de Benito Basanta*, secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia; *D.ª María Lameiras Fernández*, vicerreitora do Campus de Ourense da Universidade de Vigo; *D. Luis Lamas Novo*, presidente de Sogama; *D. Henry Laiño López*, director territorial de Aquagest en Galicia; *D. Francisco Caamaño Martínez*, delegado de Iberdrola en Galicia; representante de Novacaixagalicia.

12:00 h.: CONFERENCIA INAUGURAL: **“Radiografía ambiental de Galicia: propostas de mellora”**

PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid. Ex-profesor da USC. Ex-director do CEIDA. Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en saúde ambiental. Dirixiu máis de 150 proxectos e ten no seu haber 68 libros publicados relacionados coa problemática ambiental.

16:30 h.: I MESA REDONDA: **“A xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico e de benestar social”**

MODERADOR: PROF. DR. D. RAFAEL FERNÁNDEZ ACEVEDO

Profesor titular (acreditado) da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo-Campus de Ourense. Coordinador do máster DUMA (Máster universitario oficial en Dereito Urbanístico e Medio Ambiente).

RELADORES:

- **“Posta en valor de elementos etnográficos, culturais e do medio natural na Paradanta: a súa contribución ao turismo sostible”**
D. ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ
Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Naturalista e investigador.
- **“A xestión forestal sostible, unha oportunidade para o monte da Paradanta: as novas figuras de xestión (sofor)”**
D. ENRIQUE MARTÍNEZ CHAMORRO
Xefe do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Montes.
- **“Contribución da Deputación de Pontevedra ao desenvolvemento sostible da provincia”**
D.ª CONCEPCIÓN LÓPEZ PAZ
Xefa do Servizo de Medio Natural, Rural e Mariño da Deputación de Pontevedra.
D.ª MARÍA MARTÍNEZ ABRALDES
Técnica de Medio Ambiente do Servizo de Medio Natural, Rural e Mariño da Deputación de Pontevedra.
- **“Eficiencia e aforro enerxético: presentación do Sistema Computer Craft”**
D. XABIER IGLESIAS OVIEDO
Delegado comercial do Grupo Esinor-Zona Noroeste.

XOVES, 24 DE NOVEMBRO

10:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Roteiro polo Val de Valeixe ata Peso-Melgaço.
- Recuperación dos Muíños de Petán e Deva (A Cañiza).
- EDAR municipal de A Cañiza e EDARI do Parque Empresarial de A Cañiza.

16:30 h.: II MESA REDONDA: **“A xestión das augas”**

MODERADORA: PROF.ª DRA. D.ª MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

RELATORES:

- **“Actuacións de Augas de Galicia na provincia de Pontevedra”**
PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ
Xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.
- **“Vixilancia sanitaria das augas de consumo humano na provincia de Pontevedra”**
D.^a VANESA ANCA GÓMEZ
Farmacéutica inspectora de Saúde Pública da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en Pontevedra.
D.^a ANA CRUCES MANEIRO
Farmacéutica inspectora de Saúde Pública da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- **“Un modelo de xestión do ciclo integral da auga aplicable aos concellos medianos e pequenos de Galicia”**
D. JOSÉ MARÍA OURO LÓPEZ
Xerente de AQUALOGY.
- **“Proxecto en execución da EDAR de A Cañiza”**
D. GASPAR GARCÍA-TORIELLO ROMERO
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Director comercial e de enxeñaría de Espina & Delfín, S.L.
- **“Depuración de augas residuais con humedais artificiais. Caso EDARI de A Cañiza”**
D. LUIS FELIPE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Director técnico de AIS, S.L. – Arquitectura, Ingeniería y Sostenibilidad, S.L.

VENRES, 25 DE NOVIEMBRE

10:00 h.: CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **“A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial: certificacións ambientais en Galicia”**
D.^a PAULA RODRÍGUEZ CARBALLO
Auditor xefe de AENOR-Delegación Galicia.

11:00 h.: III MESA REDONDA: **“A xestión dos residuos: a súa reciclaxe, reutilización e valorización”**

MODERADOR: **“A importancia da comunicación na xestión dos residuos”**
D. BENITO GARCÍA CARRIL
Director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- **“A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama”**
D.^a MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.
- **“O compostaxe como alternativa ao tratamento de residuos orgánicos”**
D. JOSÉ FRIEIRO BARROS
Responsable da Planta de Tradebe Lugo.
- **“Valorización de residuos orgánicos na agricultura: código de boas prácticas agrarias”**
D.^a JOSEFA DE LEÓN BLANCO
Delegada do Grupo Agroamb-Delegación Sur.
- **“Residuos industriais non perigosos: RCDs”**
D.^a ELVIRA CAMARERO PÉREZ
Directora comercial do Grupo GESTÁN.

16:30 h.: IV MESA REDONDA: “Posta en común sobre a problemática ambiental da Paradanta e concellos participantes: o camiño cara á sostibilidade”

MODERADOR: “Fondos e axudas financeiras da Unión Europea para o fomento da actividade ambiental en Galicia”
D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO
Secretario da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT).

RELATORES:

- Representantes dos concellos participantes.

18:30 h.: CONFERENCIA DE CLAUSURA: “Consumo responsable e medio ambiente: o consumidor como axente activo do mercado”
D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
Presidenta do Instituto Galego de Consumo e directora xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

19:30 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS, a cargo de *D. Miguel Domínguez Alfonso*, alcalde-presidente do Concello de A Cañiza; *D. Rafael Louzán Abal*, presidente da Deputación provincial de Pontevedra; *D.ª Nava Castro Domínguez*, presidenta do Instituto Galego de Consumo e directora xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia; *D. Juan José Lirón Lago*, secretario da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT); alcaldes dos concellos de Arbo, Covelo, Crecente, Melgaço, Melón, Monção, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Pontearreas, O Porriño, Ribadavia, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.



SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE A CAÑIZA. Sede do curso.

Información xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental da Comarca da Paradanta, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARI@S

- Técnico@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnico@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas, etc.).

METODOLOXÍA

- Conferencia inaugural, conferencia de clausura, conferencia monográfica, 4 mesas redondas e visitas prácticas configuran a estrutura do curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** limitado á capacidade do local.
- **Cota de inscrición:** 30 €.
- **Becas gratuítas:** 40 (se cubrirán por rigorosa orde de inscrición e serán destinadas a todos aqueles que acrediten algunha das seguintes condicións):
 - a/ Estudantes universitarios e dos ciclos educativos de formación profesional de carácter ambiental.
 - b/ Funcionarios e responsables políticos dos concellos participantes.
 - c/ Representantes de asociacións sen ánimo de lucro.
 - d/ Parados.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria a **Novagalicia Banco**, nº de conta: **2080 – 0372 – 88 – 3040011862**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento o coa acreditación de becario, e presentarse/enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición finaliza o venres día 18 de novembro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta/bloc coa publicación do **Libro de Relatorios** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A UV-Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Salón de Plenos do Concello de A Cañiza (Rúa Oriente, 11 – 36880 A Cañiza).
- **Datas:** do 23 ao 25 de novembro de 2011.
- **Horario:** de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:30 horas (mércores, xoves e venres). O xoves, de 10:00 a 14:00 horas terán lugar as visitas prácticas (opcionais).



SECRETARÍA TÉCNICA (INFORMACIÓN E INSCRICIÓN)

CASA DA CULTURA DO CONCELLO DE A CAÑIZA

Coordinadores:

D.^a Clara Estévez Álvarez (Concelleira de Cultura do Concello de A Cañiza)

D. Martín Tenreiro González (Técnico de Cultura do Concello de A Cañiza)

Rúa do Progreso, s/n.

36680 A CAÑIZA (PONTEVEDRA)

Tel.: 986 66 30 69 (Evita) / 986 65 21 32 (Martín) / Fax: 986 65 11 90

E-mail: cultura@caniza.org / biblioteca_acaniza@hotmail.com

[http:// www.caniza.org](http://www.caniza.org)

Entidades e empresas patrocinadoras Cursos de Saúde Ambiental 2011

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación



gasNatural
fenosa



FCC Servicios Ciudadanos

geseco
S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN



Organismos, entidades e empresas colaboradoras XLIX Curso de Saúde Ambiental

Universidade de Vigo Vicerreitoría Campus de Ourense

AIS, S.L.
Soluciones para o aforro, a eficiencia e a sustentabilidade

esinor
gestión y ahorro de energía

GALIMETAL
ESTRUCIONADO LACADO ANODADO EFECTO MADERA

adelanta

Concellos participantes



Concello de Arbo



Concello de Covelo



Concello de Crecente



Concello de Melón



Concello de Mondariz



Concello de Mondariz Balneario



Concello de Mos



Concello das Neves



Concello de Pontearreas



Concello do Porriño



Concello de Ribadavia



Concello de Salceda de Caselas



Concello de Salvaterra de Miño



Concello de Melgaço



Concello de Monção

Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola



SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

Declarado de interese sanitario pola



Recoñecido con 2 créditos de libre configuración pola ()*

Universidade de Vigo

Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola



Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española